

## Pasou un ano ¡NUNCA MÁIS!

“Todo o relacionado co Prestige non foi un accidente. É o resultado dun modelo enerxético concreto, dun sistema económico guiado unicamente polo beneficio a curto prazo, e cuxos efectos foron posteriormente maximizados por unha Administración pública que deu as costas ao medio ambiente en todo momento”.

Son palabras do ecoloxismo, de organizacións ecoloxistas reunidas estes días no contexto da lembranza e da condena. A nosa plataforma leva case un ano procurando que non se esqueza, porque a garantía de que os culpables non recuperen a súa sensación de impunidade é que sigan a sentir o noso alento na caluga, notaren que aquela xigantesca mobilización do pobo galego deixou a *Nunca Máis* de garda, e que se por un acaso o deixasen volver acontecer, a reacción, a resposta á nosa convocatoria sería aínda máis contundente, aínda máis indignada, definitiva mesmo para algúns ou moitos.

Estamos conmemorando o cabodano da desgraza negra, cada un ao seu modo, os respectivos modos acreditados durante meses. Esoutro día, no FOROVOL de Compostela os voluntarios volveron abouzar os oídos dun ministro, proxectar sobre el e a imaxe gravada de Fraga a expresión do seu rexeitamento; ADENA, Greenpeace, organismos británicos, vascos... evidencian a persistencia dun problema non resolto. Ministros españois, algún embaixador español, apoios mediáticos españois e un convidado francés dan en afirmar a superación da catástrofe; un lamentable personaxe galego agradece que o chapapote se repartise pola metade da Europa occidental e avala a contratación dun barco de salvamento antigo de vinteito anos.

E aquí, no país zona cero do *Prestige*, no epicentro, embarcacións de Camariñas, Laxe, Carnota e o Morrazo volven ao porto co aparello sucio de negro; aquí, percebeiros declaran que ao acabárense as reservas non quedará percebe; aquí, o chapapote chega á Mariña, a Carnota, a Ogrobe... Aquí, en Galicia, na investigación de punta, na Universidade, afírmase que a vida mariña estará afectada nas súas cadeas durante os próximos anos.

Seguimos a ser o **PAÍS DO NUNCA MÁIS**. Unha referencia de mobilización cidadá para o mundo. Vanguarda da reflexión ecolóxica. O lugar onde confluíu o mellor da sensibilidade social co mundo das artes, o da pescuda e a reflexión intelixente. Nos arredores do 13 de novembro, este país reencóntrase consigo mesmo, evoca o desacougo dos primeiros días, a impotencia das primeiras semanas, o estoupido de entusiasmo que veu despois. Volvemos á rúa. Seguimos estando.

### ACTOS DO CABODANO Vindeiras semanas

#### *Xornadas sobre a Maré Neghra CAF do Campus*

- 1.- Proxección do Vídeo da Plataforma *Nunca Máis*. 11 de novembro, 20:00, Auditorio de Veterinaria.
- 2.- “Mentiras e verdades no caso Prestige. Perspectiva técnica”. Felipe Louzán, capitán da Mariña Civil, profesor da UDC. 12 de novembro, 20:00, Auditorio de Veterinaria.
- 3.- Paro xeral no Ensino. Concentración: 20:30 na Praza Maior. 13 de novembro.
- 4.- “O sinistro do Prestige. Problemas ambientais e biorremediación”. Miguel Anxo Murado, do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo. 19 de novembro, 20:00, no Salón de Actos de Maxisterio.
- 5.- “Consecuencias ecolóxicas dunha marea negra”. Xabier Vázquez Pumariño, biólogo ambiental, membro de ADEGA. 20 de novembro, 20:00, no Salón de Actos do IES Lucus Augusti.

### MOBILIZACIÓNS Local

**Día 13 de novembro**, 20:30, diante da Casa do Concello. Lugo.

### Nacional

**Día 16 de novembro**, pola mañá, en Compostela.

### HAI AUTOBUSES

